- Artigo 61.1, “Os procesos selectivos terán carácter aberto, garantindo a libre concorrència sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas”.

As bases cumpren a lexislación vixente asegurando a libre concorrència e os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

6. Proposta de acordo

Visto o disposto pola normativa de aplicación e considerando que se cumpre coas esixencias da normativa vixente; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 3 de setembro de 2020, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º. Aprobado as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de oposición libre, para o ingreso como persoal funcionario, na Deputación Provincial de Lugo, de sete (7) prazas de Auxiliar da escala de administración xeral, subescala Auxiliar, grupo C - subgrupo C2 que a continuación se sinalan, vacantes, dotadas orzamentariamente e incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2023, aprobada por resolución da presidencia de 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrixiada por resolución da presidencia do 15 de xaneiro de 2024 (BOP núm. 015 do 18.01.2024) e modificada por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP núm. 165 do 17.07.2024), que figuran no apartado IB) taxa específica á que se refire a LOXE 2023, art 20.DOS.4, IB) 1 réxime xurídico administrativo, IB) 1.1 cota xeral:

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO	Nº POSTO	CLASIFICACIÓN	GRUPO / SUBGRUPO	COTA
7	2023	2094 976 972 971 970 969 498	Auxiliar / Auxiliar Entrada	769 1691 1699 1698 1697 1696 1690	Escala de administración xeral, subescala auxiliar.	C / C2	Xeral

Con respecto ás bases xerais, que rexerán neste procedemento selectivo, estarase ás aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 12 de marzo de 2021, publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

2º. Convocar publicamente a quen desexe participar no proceso selectivo.

3º. Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo e, concretamente, a publicación da presente convocatoria e das bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP), enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e Boletín Oficial do Estado (BOE), sendo a publicación no BOE a que dará inicio ao prazo de presentación de solicitudes.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita”.

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN SETE (7) PRAZAS, VACANTES E DOTADAS ORZAMENTARIAMENTE, DENOMINADAS AUXILIAR INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023 ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN.

1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES

No Boletín Oficial da Provincia número 101, de 6 de maio de 2021, publícanse as Bases Xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario ou laboral fixo, incluídas nas Ofertas de Emprego, acceso libre (cota xeral ou cota persoas con capacidades diferentes).

As presentes bases específicas teñen como obxecto complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais antes sinaladas.

2. PRAZAS QUE SE CONVOCAN

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO	Nº POSTO	CLASIFICACIÓN	GRUPO / SUBGRUPO	COTA
7	2023	2094 976 972 971 970 969 498	Auxiliar / Auxiliar Entrada	769 1691 1699 1698 1697 1696 1690	Escala de administración xeral, subescala auxiliar.	C / C2	Xeral

3. RETRIBUCIÓN

As prazas convocadas e os correspondentes postos que ocuparán as persoas aspirantes seleccionadas atópanse dotadas no orzamento vixente, correspondéndolles as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no artigo 23 Lei 30/84, de 2 agosto, de Medidas de Reforma do Función Pública e as disposicións aplicables nesta materia.

4. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Lugo ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, as persoas ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza como superior/a xerárquico/a, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

5.1. Titulación académica (complemento da base xeral 4 apartado e)

De acordo co apartado c) do artigo 135, do RD 781/86, de 18 de abril; co artigo 25 da Lei 30/84, de 2 de agosto; e co apartado e) do artigo 76 e a disposición transitoria terceira 1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, TREBEP, será necesario estar en posesión da seguinte titulación académica oficial:

Graduado/a en educación secundaria obrigatoria ou equivalente

5.2. Nivel de galego (complemento da base xeral 4 apartado f): Celga 4

6. PROCEDEMENTO SE SELECCIÓN: OPOSICIÓN LIBRE

7. A OPOSICION.

Constará dos seguintes exercicios, todos eles obrigatorios e eliminatorios. A puntuación total da fase de oposición é de 30 puntos.

7.1 PRIMEIRO EXERCICIO - MATERIAS XERAIS APARTADO A) - Temas 1-4

Á elección do Tribunal, o primeiro exercicio poderá consistir nas seguintes opcións:

a) Na exposición por escrito dun tema de carácter xeral relacionado no apartado A) MATERIAS COMÚNS do programa, sen que teña que aterse aos epígrafes concretos dos temas, cun tempo máximo para realizar o exercicio **dunha (1) hora e trinta (30) minutos**.

b) Na exposición por escrito dun tema seleccionado por sorteo entre os contidos no apartado A) MATERIAS COMÚNS do programa, cun tempo máximo para realizar o exercicio **dunha (1) hora**.

c) Nun exercicio tipo test dun máximo de **vinde (20) preguntas e dúas (2) preguntas de reserva**, con tres respostas alternativas, que abarque a totalidade do programa de MATERIAS COMÚNS, cun tempo máximo para realizalo de **vinde cinco (25) minutos**. O Tribunal elaborará o exame tipo test e fixará os criterios para a súa corrección, podendo penalizar as respostas erróneas ou establecer outros criterios obxectivos de corrección.

No caso de que se opte polas modalidades a) ou b) o exercicio poderá ser lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, na data que este determine podendo asistir á dita lectura as demais persoas aspirantes.

Este exercicio será obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 10 puntos sendo necesario obter unha puntuación mínima de 5 puntos para superalo.

7.2 SEGUNDO EXERCICIO - MATERIAS ESPECÍFICAS APARTADO B) - Temas 5 ao 19

Consistirá na exposición por escrito **dun (1) tema**, seleccionado por sorteo, entre os temas contidos no apartado B) MATERIAS ESPECÍFICAS do programa (Temas 5 ao 19).

O tempo máximo para a realización do segundo exercicio será **dunha (1) hora**.

Este exercicio poderá ser lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, na data que este determine, podendo asistir á mencionada lectura as demais persoas aspirantes.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido dos temas ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa dos coñecementos de cada persoa aspirante.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

7.3 TERCEIRO EXERCICIO - MATERIAS ESPECÍFICAS APARTADO B) - Temas 5 ao 20

Consistirá nun suposto práctico que terá por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen no programa contido no apartado B) MATERIAS ESPECÍFICAS /Temas 5 ao 20), nun suposto concreto que responda ás funcións ou tarefas das prazas/postos que se convocan.

O tempo máximo para realizar o exercicio será **dunha (1) hora e trinta (30) minutos**.

Este exercicio poderá ser lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, a proposta deste, na data que este determine, podendo asistir as demais persoas aspirantes.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada persoa aspirante.

O Tribunal decidirá se as persoas aspirantes, para a realización do exercicio poden vir provistas da normativa, excluíndose textos doutrinais, textos legais concordados, anotados e/ou comentados, formularios ou similares.

Este exercicio poderá ser realizado ou transcrito utilizando as ferramentas informáticas que sexan necesarias a criterio do Tribunal.

Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

7.4 CUARTO EJERCICIO: PROBA DE GALEGO

En cumprimento do sinalado no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, da Lei do Emprego Público de Galicia, a proba de galego consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán cuxo contido corresponderá ao esixido para a obtención da acreditación do nivel de galego que se esixe na base específica 5.2: CELGA 4

Estarán exentos da realización da proba de galego as persoas aspirantes que acrediten posuír, dentro do prazo de presentación de solicitudes, o nivel de galego esixido na base específica 5.2.

Este exercicio é obrigatorio e eliminatorio; cualificarase como apto ou non apto, sendo necesario obter o resultado de apto para superalo.

8.- PROGRAMA DE ACCESO

A) MATERIAS COMÚNS

1. A Constitución española de 1978: estrutura e principios xerais. O Tribunal Constitucional. A reforma constitucional.

2. Nocións xerais sobre a Coroa e os Poderes do Estado.

3. Réxime local español. Principios xerais e regulación xurídica.

4. As Comunidades Autónomas: constitución e competencias. O Estatuto de Autonomía para Galicia. Estrutura e disposicións xerais. Idea xeral sobre as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS.

5. Organización territorial do Estado na Constitución. O municipio: organización municipal e competencias. Outras entidades Locais. Mancomunidades, Agrupacións. A comarca. Entidades de ámbito territorial inferior ao municipio.

6. A provincia no réxime local. A Deputación de Lugo: organización e competencias. Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Actas e certificacións de acordos. O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 3.09.2020): órganos de decisión colexiados e unipersoais e organización complementaria.

7. Principios de actuación da Administración Pública. Tipoloxía dos entes públicos: as Administracións do Estado, Autonómica, Local e Institucional. A Unión Europea: o dereito derivado: regulamentos, directivas, decisións, recomendacións e ditames. As institucións da Unión Europea: o Parlamento, o Consello Europeo, o Consello e a Comisión.

8. O sometemento da Administración á Lei e ao Dereito. As fontes do ordenamento xurídico. As leis: concepto e clases. As disposicións do executivo con forma de Lei: Decretos -Lei e Decretos legislativos. Os regulamentos: concepto e clases. Outras fontes de dereito. A potestade regulamentaria na esfera local: ordenanzas, regulamentos e bandos; procedemento de elaboración e aprobación.

9. A protección de datos persoais: Normativa e réxime xurídico. Principios e dereitos. Obrigacións. A Axencia de Protección de Datos. A igualdade de xénero: Políticas de igualdade de xénero. Lexislación reguladora para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Principios xerais. Políticas contra a violencia de xénero. Discapacidade e dependencia.

10. Concepto de interesado. Identificación e sinatura dos interesados no procedemento administrativo. Asistencia e asesoramento ao usuario. Dereitos e obrigas dos interesados nas súas relacións coas administracións públicas. Información administrativa e atención ao cidadá nos canles presencial, electrónico e telefónico. A web e a sede electrónica.

11. Os rexistros: concepto e función. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos na presentación de documentos. Validez e eficacia das copias realizadas polas administracións públicas. Termo e cómputo de prazos.

12. Os documentos públicos: concepto, clases, función e características dos documentos administrativos (especial referencia ás notificacións e práctica das notificacións). Formación do expediente administrativo. O arquivo de documentos.

13. O acto administrativo: concepto, clase e elementos. Requisitos: motivación e forma. Eficacia dos actos administrativos: notificación e publicación. Validez. A nulidade de pleno dereito e anulabilidade. Irregularidades non invalidantes. Conversión, conservación e convalidación.

14. Fases do procedemento administrativo: Fase de iniciación. Formas de iniciación. Documentos dos interesados. A solicitude. Subsanción e mellora da solicitude. Declaración responsable e comunicación.

15. Fases do procedemento administrativo: Fase de ordenación, instrución e remate. A obriga de resolver. O silencio administrativo. A execución. A revisión dos actos en vía administrativa. Os recursos administrativos. Conceptos e clases.

16. O persoal ao servizo das Entidades Locais. Clases. O ingreso á función pública. Adquisición e perda da condición de empregado público. Os dereitos e deberes do persoal ao servizo dunha administración local. As situacións administrativas. Incompatibilidades. O código de conduta. Principios éticos e de conduta. Réxime disciplinario.

17. As Facendas Locais: clasificación dos recursos. Ordenanzas Fiscais.

18. Os Orzamentos Locais: estrutura e procedemento de aprobación. Réxime xurídico do gasto público local.

19. O contrato administrativo. Concepto. Clases. A actividade subvencional das Administracións públicas.

20. Competencias dixitais: Verificación básica de funcionamento do equipamento informático; manexo a nivel usuario de: intranet, internet, correo electrónico, axendas electrónicas, procesadores de textos, follas de cálculo e bases de datos.

Lugo, 24 de agosto de 2026.- O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2304

SECCIÓN DE ACTAS E GOBERNO

Anuncio

Resolución da Presidencia da Excm. Deputación Provincial de Lugo, de data 31 de xullo de 2026, sobre cesamento de persoal eventual que textualmente di o seguinte:

“Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Visto que por Resolución da Presidencia de data 15 de xaneiro de 2026, nomeouse a D.^a Beatriz Yáñez Castro, Asesora Nivel I do Cadro de Persoal Eventual, con efectividade da mesma data, adscrita á Presidencia.

Vista a solicitude da Presidencia, de cese na prestación de servizos como Asesora Nivel I do Cadro de Persoal Eventual con efectividade do día 31 de xullo de 2026.

Considerando que a regulación dos ceses do persoal Eventual establécese de conformidade co sinalado no artigo 12.3 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que di:

“O nomeamento e cese serán libres. O cese terá lugar, en todo caso, cando se produza o da autoridade ó que preste a función de confianza e asesoramento”.

Igualmente o artigo 104.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, sinala, en relación ao persoal eventual:

“O nomeamento e cese destes funcionarios é libre e corresponde ao Alcalde ou ao Presidente da Entidade Local correspondente. Cesan automaticamente, en todo caso, cando se produza o cese ou expire o mandato da autoridade á que prestan a súa función de confianza ou asesoramento”.

Á vista do sinalado, de conformidade co sinalado nos artigos 12.3 do EBEP e do 104.2 da LRBRL, propoño que pola Presidencia da Deputación, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, RESOLVA:

Cesar a D.^a Beatriz Yáñez Castro, no desempeño das súas funcións como Asesora Nivel I do Cadro de Persoal Eventual, deixando de prestar servizos a esta Deputación Provincial, con efectividade do día 31 de xullo de 2026, derradeiro día no que presta servizos efectivos con base no nomeamento sinalado”.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes”.

O que se fai público aos oportunos efectos.

Lugo, 20 de agosto de 2026.- A presidenta, María del Carmen López Moreno. O secretario, P.S., a secretaria-interventora, Leticia Rodríguez Díaz.

R. 2296

CONCELLOS**BALEIRA***Anuncio*

Delegación da competencia para celebración de matrimonio civil entre RLG e RPL o día 11 de setembro do 2026 ás 11:30 horas no Salón de Sesiós da Casa do Concello de Baleira (Lugo)

O Sr. Alcalde do Concello de Baleira (Lugo) con data 20 de agosto do 2026 dictou Resolución modificando outra de data 07 de agosto do 2026 de delegación de competencias no concelleiro D. Faustino Díaz Díaz para celebración de matrimonio civil entre D. RLG e D^a RPL de xeito que o matrimonio celebrárase o día 11 de setembro do 2026 ás 11:30 horas en vez de o día 12 de setembro do 2026.

A salvo a modificación da data de celebración mantense o contido da Resolución do 07 de agosto do 2026, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do 18 de agosto do 2026, en tódolos seus termos.

Baleira, 20 de agosto de 2026.- O alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 2288

BARREIROS*Anuncio***EXPOSICIÓN PÚBLICA DA CONTA XERAL 2025**

Formada, rendida e informada pola Comisión Especial de Contas deste Concello, en sesión de 21 de agosto de 2026, a **CONTA XERAL CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2025** cos estados e anexos establecidos legalmente, expónse ó público polo prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES, contados a partir ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o dito prazo e oito días máis, os interesados lexítimos poderán examinala e formular as reclamacións, reparos e observacións que estimen pertinentes, de conformidade co disposto no artigo 212.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Barreiros, 21 de agosto de 2026.- A alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 2297

*Anuncio***DELEGACIÓN FUNCÍONS ALCALDIA POR VACACIONS**

Por Resolución do 21 de agosto de 2026 a Alcaldía acordou delegar en Antonio Veiga Outeiro, como Primeiro Tenente de alcalde a totalidade das funcións da Alcaldía do 1 ó 15 de setembro de 2026, ambos incluídos, por ausentarse do concello por período vacacional.

A delegación comprende as facultades de dirección e de xestión, así como a de resolver os procedementos administrativos oportunos mediante a adopción de actos administrativos que afecten a terceiros.

Barreiros, 21 de agosto de 2026.- A alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 2298

BECERREÁ*Anuncio*

Formulada e rendida a Conta Xeral do Orzamento deste Concello correspondente ó exercicio 2025 e informada a mesma pola Comisión Especial de Contas, expónse ó público por prazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ó da inserción de presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os interesados poidan examinala e formular por escrito os reparos e observacións que se estimen pertinentes, durante dito prazo e os 8 días seguintes, de conformidade co disposto nos artigos 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, 460.3 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Becerreá, 24 de agosto de 2026.- O alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2305

Anuncio

Por Decreto da Alcaldía do Concello de Becerreá nº 2026-0479 resolveuse aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo para o acceso a unha praza de auxiliar administrativo pertencente á escala de administración xeral, subescala auxiliar (subgrupo C2) a cubrir polo sistema de oposición, en quenda libre [xefe neg. xestión tributaria e recadatoria] e determinouse a data para a celebración do primeiro exercicio da fase de oposición, o que se publica aos efectos que procedan.

DECRETO.-

Visto o disposto nas bases para a selección de persoal funcionario aprobadas por Resolución da Alcaldía nº 2026-0030 de data 21/01/2026, publicadas no BOP de Lugo núm. 19 – sábado, 24 de xaneiro de 2026, nas bases rectificadas por Resolución da Alcaldía nº 2026-0141 de data 11/03/2026, publicadas no BOP de Lugo núm. 81 – sábado, 11 de abril de 2026, e convocatoria publicada no DOG nº20, do 30 de xaneiro de 2026 e no BOE número 97, de martes 21 de abril de 2026.

Visto o establecido nos artigos 134 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 de abril, os artigos 11 e 15 do Decreto 95/1991 de 10 de marzo e nos mesmos termos, 18 e 23 do Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo.

Visto o establecido no epígrafe 5º da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por documentos que expiden ou de que entenden as Administracións ou Autoridades Locais a instancia de parte, aprobada polo Pleno do Concello en sesión de data 30/09/2003.

No exercicio das competencias que me confire a vixente lexislación sobre réxime local,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á lista provisional de admitidos e excluídos no proceso selectivo para a selección de persoal funcionario para cubrir en propiedade unha praza de auxiliar administrativo e **eleva a mesma a definitiva, non habendo aspirantes excluídos.**

Admitidos/as:

Nome e apelidos	D.N.I.	Exame de galego
SANDRA GÓMEZ DEVESA	***8902**	Exento/a
EVELYN QUINTANA GONZÁLEZ	***3882**	Exento/a
MARTINA VILA SEREN	***9040**	Exento/a
ELOY SOBRIDO GARCÍA	***8557**	Exento/a
NATALIA GAGO FÓRNEAS	***8666**	Exento/a
CELIA LÓPEZ GÓMEZ	***7484**	Exento/a
LORENA GAYO FONTAL	***8996**	Exento/a
LORENA BERMÚDEZ TESTA	***8483**	Exento/a
NATALIA DÍAZ FERNÁNDEZ	***1025**	Exento/a
EVA SUÁREZ POY	***4591**	Non exenta
MARÍA JOSÉ DEL RIO CARRETE	***0496**	Exento/a
SANDRA LÓPEZ GÓMEZ	***4771**	Exento/a
NURIA REGUEIRA FERNÁNDEZ	***7747**	Exento/a
MATILDE LÓPEZ LÓPEZ	***6133**	Exento/a

Excluídos/as: Ningún/Unha

SEGUNDO.- Designar o seguinte Tribunal cualificador:

PRESIDENTE/A

Titular: Dona María Guillán Figueira, Tesoureira do Concello de Sarria.

Suplente: Don David Criado Taboada, Secretario-Interventor da Agrupación de Concellos de Agolada e Santiso.

SECRETARIO/A

Titular: Dona Carolina Isabel Fernández Lago, Secretaria-Interventora do Concello de Becerreá.

Suplente: Don Julio González Casanova, Secretario-Interventor do Concello de Friol.

1º VO GAL

Titular: Dona Ana María Rivas García, Secretaria Xeral do Pleno do Concello de Lugo.

Suplente: Don Luis Ramón Vázquez Parga, Interventor Xeral do Concello de Lugo.

2º VO GAL

Titular: Don Marco Antonio García-Gabilán Sangil, Secretario-Interventor do Concello de O Corgo.

Suplente: Dona María Belén López López, Secretaria-Interventora do Concello de A Pastoriza.

3º VO GAL

Titular: Don Severiano Daniel Vázquez Prado, Técnico de Administración Xeral do Concello de Becerreá.

Suplente: Dona María del Pilar Pérez López, Administrativa do Concello de Becerreá.

TERCEIRO.- Citar ás persoas que forman parte do Tribunal para que comparezan o **MÉRCORES, 23 de SETEMBRO de 2026 ás 9:00 horas na Casa do Concello de Becerreá**, para a súa constitución.

CUARTO.- Convocar aos aspirantes admitidos o **MÉRCORES, 23 de SETEMBRO de 2026 ás 11:00 horas no Telecentro de Becerreá sito na Rúa Valgamarín s/n-Becerreá, para o desenrolo do PRIMEIRO EXERCICIO e a proba de galego para a aspirante non exenta**, en chamamento único, sendo excluídos/as da oposición os que non comparezan.

De conformidade co apartado I da BASE SÉTIMA das bases reguladoras, para a realización da **PARTE 2ª do PRIMEIRO EXERCICIO**, os aspirantes poderán facer uso dos documentos:

- *“TEXTO REFUNDIDO ORDENANZAS FISCAIS DO CONCELLO DE BECERREA”, que se encontra a disposición dos interesados no portal e transparencia aloxado na sede electrónica do Concello:*
<https://concellodebecerrea.sedelectronica.gal/preview-document/8cd50afc-3d2d-4ddf-94dd-d900d23e71d9/>
- *“TEXTO REFUNDIDO DAS ORDENANZAS REGULADORAS E REGULAMENTOS 2026” que se encontra a disposición dos interesados no portal e transparencia aloxado na sede electrónica do Concello:*
<https://concellodebecerrea.sedelectronica.gal/preview-document/62441bf5-4822-445b-990e-b2a8f28c3f36/>

Dita documentación será posta a disposición dos aspirantes en formato electrónico polo tribunal.

QUINTO.- Publicar a presente Resolución no BOP, no Taboleiro de Anuncios e na Sede Electrónica.

Becerreá, 24 de agosto de 2026.- O alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2306

CERVANTES

Anuncio

CONVOCATORIA 1 AUXILIAR ADMINISTRATIVO PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2026.

POSTO DE TRABAJO: AUXILIAR ADMINISTRATIVO (1)

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello de Cervantes ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/15, de 01 de outubro, no prazo de 5 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP. No suposto de presentarse a instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello de Cervantes, será necesario adiantala por correo electrónico (concello.cervantes.cervantes@eidolocal.es), antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

SISTEMA DE SELECCIÓN: Concurso - oposición, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Cervantes.

Cervantes, 24 de agosto de 2026.- O alcalde, Benigno Gómez Tadrín.

R. 2307

CHANTADA

Anuncio

O pleno do Concello de Chantada, na sesión extraordinaria do día 20/08/2026 acordou aprobar definitivamente o expediente de modificación de créditos 22/2026 baixo a modalidade de suplemento de crédito/ crédito extraordinario con cargo a unha operación de crédito por importe de 4.189.546,13 € .

O expediente someteuse ao trámite de información pública trala publicación do anuncio no B.O.P. de Lugo nº 160 do 15 de xullo do 2.026.

Ao abeiro do disposto no artigo 169 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, en relación co 177 da mesma norma, publícase o resumo do mesmo por capítulos.:

ESTADO DE INGRESOS		
RESUMO POR CAPÍTULO		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	EUROS
1	IMPOSTOS DIRECTOS	2.661.071,92
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	220.000,00
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	1.099.787,96
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	5.506.196,38
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	9.530,60
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	974.060,21
8	ACTIVOS FINANCEIROS	1.143.332,73
9	PASIVOS FINANCEIROS	4.394.695,09
TOTAL DO ESTADO DE INGRESOS		16.008.674,89
ESTADO DE GASTOS		
RESUMO POR CAPÍTULO		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	EUROS
1	GASTOS DE PERSOAL	3.824.778,84
2	GASTOS CORRENTES E SERVIZOS	4.788.821,85
3	GASTOS FINANCEIROS	5.382,88
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	364.000,00
5	FONDO DE CONTINXENCIA	0,00
6	INVESTIMENTOS REAIS	6.574.333,53
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	451.357,79
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL DO ESTADO DE GASTOS		16.008.674,89

Chantada, 20 de agosto de 2026.- O alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 2289

LUGO

Anuncio

PRIMEIRO.-A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 27 de xullo de 2026 adoptou, entre outros, o acordo 2/312 **DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A 1 PRAZA DE TÉCNICO/A MEDIO/A DE XESTIÓN PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2023)**, en cuxa parte dispositiva se fai constar:

“Designar os membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 PRAZA DE TÉCNICO/A MEDIO/A DE XESTIÓN PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (PERTENCENTE Á OEP DE 2023), do seguinte xeito:

Presidente:

- Don Pablo Portela Fernández, secretario xeral do Pleno do Concello de Lugo

Suplente: Don Luis Ramón Vázquez Parga, interventor do Concello de Lugo.

Vogais:

- Dona Natalia Framil Rego, xefa de Servizo do Órgano de Xestión Económico Financeiro do Concello de Lugo.

Suplente: Don Maria Aránzazu Sastre Carracedo, tesoureira do Concello de Lugo.

- Dona Lara Otero Díaz, secretaria xeral do Concello de Bueu.

Suplente: Dona Ana Tabarés Martínez, técnico de administración xeral do Concello de Lugo.

- Don Rafael del Barrio Berbel, secretario xeral do Concello de Culleredo.

Suplente: Dona María Jesús López Vázquez, xefa do Servizo de Fomento do Concello de Lugo.

Secretario/a:

- Dona Juan Ignacio Márquez Gacio, xefe do Servizo de Licenzas do Concello de Lugo.

Suplente: Dona Ivón Carrodegua Rodríguez, técnico de administración xeral do Concello de Lugo.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo aos/ás interesados/as facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

Lugo, 5 de agosto de 2026.- A alcaldesa presidenta, Excm. Sra. dona María Elena Candia López.

R. 2290

OUROL

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Oural en sesión extraordinaria celebrada o día 10 de agosto de 2026, acordou aprobar o **Padrón Fiscal do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR correspondente ao mes de XULLO de 2026 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar** polo importe de tres mil seiscentos oitenta e catro euros con vinte e tres céntimos (3.684,23 €), correspondendo mil trescentos oito euros con un céntimo (1.308,01 €) a libre concorrência e dous mil trescentos setenta e seis euros con vinte e dous céntimos (2.376,22 €) a dependencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento do mesmo, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ouro, 17 de agosto de 2026.- O alcalde-presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 2291

RIBAS DE SIL

Anuncio

Aprobados por Decretos da Alcaldía de data 11/08/2026 o Padrón do SAF do mes de xullo, de 20/08/2026 o padrón do 1º Trimestre de 2026 do servizo de abastecemento de auga, canon, sumidoiros e recollida de lixo e de 21/08/2026 o Padrón do servizo de recollida de lixo rural do 1º Trimestre de 2026, por medio do presente expóñense ao público por prazo de 20 días, contados a partir do día seguinte ó da súa inserción no BOP ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o acordo de aprobación dos devanditos padróns poderán interpoñerse recurso de reposición ante o propio alcalde polo prazo de un mes, contado dende o día inmediato seguinte ó de finalización do período de exposición ó público. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano correspondente da Xunta de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

O mesmo tempo establece un período de cobranza en fase de ingreso voluntario de dous meses. Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria; procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo de acordo co establecido no artigo 161 da devandita Lei. No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa exixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, no suposto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribas de Sil, 24 de agosto de 2026.- O alcalde, Roberto Castro González.

R. 2308

SOBER

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de 20 de agosto de 2026, aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrência e de dependencia correspondente ao mes de xullo de 2026.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan

formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Sober, 20 de agosto de 2026.- O alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 2292

VILALBA

Anuncio

Primeiro.— Mediante o Decreto N.º 2026-0893, de 29/07/2026, publicado no BOP o pasado 06/08/2026, aprobáronse as bases reguladoras «**Concesión de subvencións para a concentración de fincas rústicas destinadas a uso agrícola ou gandeiro mediante concorrencia non competitiva**», establecéndose no punto «Base 7 bis. Prazos e silencio administrativo» un prazo de presentación de solicitudes dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación.

Visto que, conforme á Base 6, o procedemento de concesión se tramita en réxime de concorrencia non competitiva e a adxudicación se realiza por orde cronolóxica de entrada no Rexistro do Concello das solicitudes completas —aquelas que reúnan todos os requisitos e a documentación esixida— ata esgotar o crédito dispoñible. A este respecto, indícase expresamente que a presentación dunda solicitude incompleta non xera dereito de preferencia; o cómputo para a orde de prelación iníciase (en todos os casos) na data na que a solicitude quede totalmente completada. Por iso, o prazo de presentación ten unha incidencia directa na efectiva participación das persoas interesadas e no seu acceso á subvención.

Segundo.— A tramitación das solicitudes exige aos interesados a achega de documentación técnica e acreditativa do dominio e titularidade dos inmobles obxecto de concentración, cuxa áxil obtención require necesariamente da intervención de oficinas públicas e entidades colaboradoras (tales como Notarías, Rexistros da Propiedade, xestorías e servizos de asesoramento).

Terceiro.— Dado que o cómputo do prazo fixado concorre plenamente co período vacacional estival do mes de agosto, verificouse unha ralentización na emisión de certificacións e informes por parte dos citados organismos e servizos profesionais auxiliares. Esta circunstancia constitúe unha dificultade obxectiva e non imputable aos administrados para a completa recompilación da documentación requirida en tempo e forma.

Cuarto.— As bases reguladoras constitúen o marco esencial do procedemento de concesión e deben conter, como mínimo, a forma e o prazo de presentación de solicitudes, así como os órganos competentes e o prazo de notificación da resolución, as previsións sobre prazos teñen natureza esencial no deseño do procedemento e deben axustarse aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade e seguridade xurídica, evitándose cargas innecesarias que poidan impedir ou dificultar inxustificadamente o acceso á convocatoria nas condicións previstas.

En particular, a adaptación do prazo de presentación, cando se acredita que o inicialmente previsto resulta insuficiente en atención ás actuacións materiais e documentais necesarias para formalizar solicitudes completas, constitúe unha medida proporcionada e axeitada para garantir a eficacia da convocatoria e a participación real das persoas interesadas en condicións de igualdade, sen alterar o réxime de concorrencia non competitiva por orde de presentación de solicitudes completas, nin os restantes elementos esenciais do procedemento, e sen prexuízo da plena publicidade da modificación no mesmo medio oficial no que se publicou o texto das Bases.

En virtude das competencias outorgadas ao órgano da Alcaldía segundo indica do artigo 21.1 s) da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, delegadas en todo caso, segundo resolución 2023-0436 de data do 30 de xuño do 2023, entre outras confirmatorias da anterior e concordantes coa mesma, o Concelleiro de urbanismo, mobilidade, infraestruturas rurais e desenvolvemento industrial, e de conformidade co contido e configuración do procedemento previsto nas Bases (Base 6 e Base 7 bis), procede acordar a modificación da Base 7 bis exclusivamente no seu inciso relativo ao prazo de presentación de solicitudes, mantendo inalterados os restantes extremos da Base 7 bis e do conxunto das Bases, e dispoñendo a publicación da presente modificación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, aos efectos de publicidade e eficacia.

RESOLVO

PRIMEIRO. Modificación da Base 7 bis

Modifícase a Base 7 bis das “*Bases reguladoras para a concesión de subvencións para a concentración de fincas rústicas destinadas a uso agrícola ou gandeiro, mediante concorrencia non competitiva*”, exclusivamente no relativo ao prazo de presentación de solicitudes, que queda redactada como segue:

«Base 7 bis. Prazos e silencio administrativo

O prazo de presentación de solicitudes será de tres meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente modificación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. O mantemento e resolución das solicitudes axustarase ao disposto no resto desta base e nas presentes bases reguladoras.»

SEGUNDO. Réxime de solicitudes xa presentadas

As solicitudes presentadas con anterioridade á entrada en vigor da presente modificación manterán a súa validez e tramitaranse conforme ás Bases, sen prexuízo do réxime de orde cronolóxica de entrada das solicitudes completas establecido na Base 6, de maneira que a prelación se determinará, en todo caso, pola data en que cada solicitude quede completada en todos os seus termos, segundo o previsto expresamente nas Bases.

TERCEIRO. Aprobación do modelo normalizado de solicitude

Aprobar o modelo normalizado de solicitude que figura incorporado como Anexo I á presente resolución, sen prexuízo da posibilidade de realización do correspondente trámite a través da sede electrónica do Concello de Vilalba.

CUARTO. Publicación e eficacia

O presente Decreto publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, producindo efectos desde o día seguinte á súa publicación.

QUINTO. Impugnación

Este Decreto pon fin á vía administrativa, de conformidade co indicado na Base 6 das Bases reguladoras, polo que poderá interpoñerse, alternativamente, recurso de reposición potestativo ante o órgano que o ditou no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo ante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da súa publicación, sen prexuízo de que poida exercitarse calquera outro que se estime procedente.

ANEXO I**SOLICITUDE DE AXUDA PARA CONCENTRACIÓN DE FINCAS RÚSTICAS DESTINADAS A USO AGRÍCOLA OU GANDEIRO****SOLICITANTE**

Nome e Apelidos	D.N.I.	Teléfono

DIRECCIÓN PARA NOTIFICACIÓNS

Rúa/lugar	Número	Parroquia	Correo Electronico

DOCUMENTACIÓN QUE ADXUNTA:

- ☐ Fotocopia do D.N.I. ou C.I.F.
- ☐ Memoria explicativa da concentración e, se fose necesaria, resolución pola que se concede o correspondente título habilitante municipal previo.
- ☐ Escritura pública e facturas reais do gasto.
- ☐ Xustificante bancario acreditativo do pagamento das facturas aportadas.
- ☐ Declaración das axudas solicitadas ou obtidas para o mesmo fin.
- ☐ Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias ante a Facenda pública estatal e autonómica, e a seguridade social. Aos efectos de facilitar a obtención das certificacións de razón, ponse a disposición dos interesados os seguintes enderezos web:
 - <https://sede.agenciatributaria.gob.es/Sede/procedimientoini/G304.shtml>
 - <https://ovt.atriga.gal/es/consulta-e-pago-de-debedas>
 - <https://portal.seg-social.gob.es/wps/portal/importass/importass/Categorias/Consulta+de+pagos+y+deudas/CCertificado+de+estar+al+corriente+en+las+obligaciones+de+la+Seguridad+Social>

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que cumpre con tódolos requisitos establecidos no punto 3 das Bases Regualdoras para a concesión de subvencións para a concentración de fincas rústicas destinadas a uso agrícola ou gandeiro mediante concorrencia non competitiva do Concello de Vilalba publicadas no B.O.P. da provincia de Lugo núm. 178 o xoves 6 de agosto do 2026, para poder obter as axudas reguladas na mesma.

Vilalba, a _____ de _____ de 2026

Vilalba, 21 de agosto de 2026.- O concelleiro, Modesto Renda Santiso.

R. 2293
